

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Noto o café xeadado escorregar pola gorxa, e percórreme unha vaga de sosego momentánea. Escoito o murmurio do vento, que roza contra as herbas molladas. Choveu pola noite e quedou no aire unha humidade cálida e confortábel. Hoxe non fun á Terraza, porque ao espertar sentín a inmediata necesidade de camiñar. Ocorreume que ao entrar en contacto coa luz que, incorpórea, se filtrou a través da finura da persiana, chegou aos meus músculos a orde de pasear durante moito tempo, e arriboume á mente a imaxe dun deserto de area.

Baixei ao río e decidín, unha vez sentín o ruxir da fame nas entrañas, sentar nunha das terrazas que o sobrevoan, imponentes. Pedín tamén unha madalena de framboesa, e vouna tomando aos poucos, acompañándoa con frescos grols, mentres observo os peixes arxentinos e diminutos desprazarse coa forza que lles confiren as súas aletas.

Volvo, de novo, acompañada polo son dos meus pasos sobre a pedra do carreiro, ao lonxe, nunha das mesas de madeira, entre as plantas máis crecidas, atópase a filla dos ferrolanos. Fai un aceno de recoñecemento e noto como uns poucos dos seus cabelos se desprazan contra a forza dun brusco movemento de aire. Vou onda ela e sento no banco de enfronte. Escribo nun caderno de tea, que se pecha cun lazo sinxelo. Achegueime porque non fun quen de pensar nun porqué que me obrigase a non facelo. Dende preto, decátome de que atravesa a súa ollada unha sombra dun non sei que parecido á inqueda.

- Bo día.
- Ola. Que tal?- Ergue a vista lixeiramente.
- Moi ben... estou dando un paseo polo río, agora que fai bo tempo... e ti que

andas a facer?- Pregúntome moitas veces como a miña confianza á hora de establecer unha conversa pode variar segundo as persoas. Ás veces son só facianas que, de xeito inconsciente, son quen de me transmitir unha airexa de calidez e fogar. E síntome máis cómoda.

- Eu nada, só vin aquí porque quería concentrarme, que teño que escribir para o instituto un ensaio e non sei nin como comezar.
- Ai, e logo... non che gusta escribir?
- Si! *Ghústame moito*, en realidade, pero é que debemos tratar un tema de actualidade, calquera...
- E cal é o problema?
- Pois...- suspira, e comeza a anudar o lazo do caderno arredor do seu índice.- Sinto que non teño a suficiente experiencia. Todo o mundo é *capas* de falar sobre cousas que lles ocorren, de cando en ves, e que non deberían ocorrer... pero eu... ben, non é que queira que iso me pase, *alégghrame* e desexaría que os meus compañeiros tampouco tivesen eses problemas, pero non me sinto capacitada para falar diso... E todo o mundo defende as súas *convicciós*, sobre os temas importantes... *Ghustaríame* posicionarme pero non sei... Nin sequeira sei se ten *alghún* sentido o que estou dicindo...
- Enténdote.- A miña vida sempre foi un camiño moi estreito e erguín eu mesma muros de infinda protección que moitas veces me impediron ollar máis alá dos meus pés.- Pero debes saber que, aínda que as túas experiencias vitais sexan diferentes, os teus conflitos son igual de válidos. Os temas que serven non son só os que ves que tratan todas as persoas... iso non quere dicir que non sexa preciso tratalos, se de verdade o sintes, ou se che preocupan. Pero non o fagas só porque pensas que é o que deberías facer, ou porque é a clase de tema que

che debería inquedar.

- Pero é que non sei, un tema de actualidade...- Óllame abafada.
- Escribimos para expresarnos, a nós, o que sentimos e o que pensamos, e se falas sobre todas aquelas sensacións, aquelas partes da realidade que che producen, de forma honesta, axitación, que te emocionan ou te aterran, sexa o que sexa, será de actualidade, porque ti estás viva, non si?- Ás veces penso tanto no que queren os demais que diga, que exprese ou que sinta que deixo de forma momentánea a miña liña de pensamento, e deixo de sentir o que sinto eu, para sentir o que senten outros. A experiencia é case espiritual, é case unha invasión, por parte das voces, dos murmurios externos, do meu propio espazo. E xa non quero abandonar o meu corpo, físico, para permitir unha intromisión de ideas alleas.

Decidín quedar con ela un tempo, mentres escribe con fermosa caligrafía sobre a folla amarela. Ás veces pregúntame cousas, sobre expresións ou ideas que quere empregar, e eu paso o tempo escribindo, tamén, neste pequeno recompilatorio de escenas inconexas e cotiáns. Hai momentos nos que só chego a escoitar o lixeiro desgaste do papel con cada golpe de lápis, e máis nada. Volvo soa ao edificio, porque agardo unha chamada, rutineira, do médico, e despídome cun lixeiro abaneo de man. Ás veces, cando se producen situacións semellantes á ocorrida, penso no moito que quedería ser mestra, pero despois esquézome e remato por deducir que estou ben así.

Como veño andando, sitúome na fachada oposta á da entrada do edificio, a fachada do garaxe. Atopo alí á do primeiro B e máis a Eladio de Fisterra. Ela sostén un metro nas mans, mentres mide as distancias entre os terrarios que custodian a entrada dos coches nos nosos dominios.

- Non hai unha distancia suficiente entre os terrarios, xa cho dixen... A min neste momento non me importa, porque en meses de entretempo aparco fóra, pero se calquera que saia ten que manobrar, é moi fácil que choque o coche...
- Eu vexo o que dis, Elena, pero non se poden cambiar da noite á *mañan*...
- Polo menos poderías adiar a reunión?
- Si, fareino, *aghora* que xa está *solucionado* o conflito do *xadres*.
- De acordo... Ola.- Saúda cando ve pasar a miña silueta.
- Bo día.
- Bo día, *rapasa*! E *logho*, como foi onte na partida, que non a vin! Vaime ven por parvo e por apurar a hora! Que a présa nunca é boa!
- Non, nunca o é don Eladio! Foi moi entretida. Pero o resultado non quererá dicir que se suspenden as partidas, non?
- Non muller! Pero ímolo tomar *aghora* con máis calma, que temos que retomar o ritmo normal da comunidade. Esta foi unha semana axitada... Ai, e *ghústache*, entón, o *xadres*? Ben escondido o tiñas, condenada!- Tento imaxinar unha situación de conversa superficial na que remate por admitir a miña básica competencia en xadrez.
- Non é que o ocultara, don Eladio, é que tampouco teño un gran talento do que facer gala.
- Se aquí o que importa non é xogar ben, senón dar o espectáculo...
- Non lle *faghas* caso, que *seghe* picada polo do *Arghemiro*... Dis que sabes abondo para *xoghar* unha partida, non si?
- Para iso si.
- Pois entón sácasme dun apuro! Vaiche tocar *xoghar mañán* co avó da nena.
- A min?

- Pois claro! Aquí apandamos todos... Bueno, eu teño que irme. Tentarei *orghanisar* a reunión para o antes posible, Elena.

Decido entrar no edificio, tras camiñar cara a outra fachada, e subo no ascensor. Penso, sorprendida de min mesma, no día de hoxe. Ollo cara os días pasados: o ceo de tormenta está a esvaecer baixo o sol luminoso. Decátome de que para integrarnos nesa tea comunal, formada por retallos compartidos, non debemos ser coma os demais, nin adaptarnos a todo aquilo que queiran de nós, senón conseguir certa harmonía entre as figuras. Non construímos, nos pianos inventados que son as conversas, melodías con notas idénticas en sucesión, senón con escalas, ritmos e intensidades.